

Comezamos no Pedregal de Irimia. A reserva natural subterránea (RNS) Pedregal de Irimia ocupa unha pequena superficie de 1,4 km² na vertente occidental da Serra de Meira, na provincia de Lugo. Sitúase no extremo nororiental da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil e, dentro desta, na masa de auga subterránea ES010MSBT011-025 Selmo-Vegadeo. O manantial que xurde baixo o pedregal é considerado o verdadeiro nacemento do río Miño, debido a que constitúe a surgencia de auga subterránea máis alta (700-750 m s.n.m.) que alimenta este río. Ademais desta surgencia, existen numerosos mananciais que alimentan os arrosos o “regos” próximos que aportan caudal ao cauce principal.

O nome Pedregal de Irimia fai referencia ao conxunto de bloques de pedra baixo os que se produce a surgencia de auga subterránea que da lugar a RNS. Este cúmulo de bloques ten morfoloxía cónica ou de embude, e se encaixa nunha vaguada da Serra de Meira, dando lugar a un singular río de pedras baixo o que discorren as primeiras augas do Miño. A súa orixen débese a un modelado periglaciario, no que se xeneraron os bloques por geliflución do sustrato rochoso fai 10.000-20.000 anos. Este sustrato está composto por cuarcitas da serie dos Cabos (Ordovícico inferior), ao igual cos bloques que configuran o pedregal.

O manantial que xurde no pedregal de Irimia drena o acuífero constituído polos diferentes niveis permeables de cuarcitas, alternantes con outros pizarrosos relativamente impermeables. A permeabilidade é debida a fracturación natural que presenta a rocha cuarcítica, a cal vese incrementada pola presenza dunha falla que discorre por lo eixe lonxitudinal do pedregal de Irimia. A recarga do manantial prodúcese por a infiltración da auga da choiva a favor das fracturas nas cuarcitas da Serra de Meira (capas superiores e inferiores do Eo), e está condicionada polo estado de fracturación destas cuarcitas. A descarga prodúcese a través dos diversos mananciais que existen nesta zona, sendo a descarga principal a do manantial que xurde no pedregal. O caudal desta RNS mantense durante todo o ano, incluso nos anos máis secos, a pesar da súas reducidas dimensións, isto podería estar relacionado con un área de

recarga dunha extensión máis ampla que a extensión da propia RNS.

Ademais da súa especial importancia dende o punto de vista das augas subterráneas, a zona onde encontrábase a RNS está declarada como Reserva da Biosfera Terras do Miño e Reserva da Biosfera Río Eo, Osco e Terras de Burón.

A lenda do Pedregal de Irimia.

Quén puxo aquelas pedras?.

Para algúns fóron os paxaros que ao servizo da vella bruxa, Irimia, segúndo unha versión que aparece no libro "A flor da auga"; para outros foi o mismísimo díaño que as deixou naquel lugar, según outra narración. En tempos moi antigos houbo naquel lugar un pequeno cenobio ocupado polos padres cistercienses. O díaño lles tiña envexa e lle daba voltas á maneira de poder destruír o seu edificio. Unha tarde de verán comenzou a oscurecer anunciando unha tormenta que se presentou enseguida. Debeu ser terrible. No medio daquel caos presentouse o díaño co seus axudantes, todos cargados con enormes pedras con intención de arroxalas sobre o cenobio e derrubalo dunha vez.

Pero cando os monxes comenzaron a rezar, a tormenta retirouse e no ceo apareceron grandes claros. Díse que incluso apareceu a figura de Bernardo de Claraval, e que esta presenza sería a que fixo que se retiraran os demós, quen cos presas da fuxida abandoaron as pedras que quedaron desa forma na que hoxe está o Pedregal.

No antigo coro do Monasterio de Meira había un sillón decorado coa representación deste milagre.

Hai máis versións, así na páxina do Concello de Meira aparecen as seguintes:

"Contan as lendas acerca do nacemento do río Miño, que en aquelas terras vivía unha vella bruxa chamada Irimia que se levaba mal cos monxes do convento. Un día, mentras vixiaba o seu gando fóron os monxes a cobrarlle os impostos que nunca pagaba, e ela para defenderse comenzou a tirarlles pedras para votálos da suas leiras, polo que os

monxes decidiron quedarse coas súas terras ricas en fontes para manter o gando. A bruxa votoulles un maleficio e cubriu o nacemento do río Miño con pedras moi grandes ata o fondo da súa leira para que non poideran ir os monxes a buscar auga.

Nunca podreis probar a primeira auga deste río que é o miño.

E é por iso que o Pedregal dálle nome ao nacemento do Miño no , Pedregal de Irimia?.

Outra lenda fala de homes pecadores convertidos en pedras e que agardaban a redención da súas almas coas augas limpas que alí nacen.

Outra lenda está relacionada coa igrexa e en concreto coa imaxe de San Bieito que no seu retablo aparece a imaxe dun corvo cun trozo de pan no seu pico, di que san Bieito cumpría e facía cumprir unha regra moi estrita, pola que suscitaba certo rexeitamento entre a súa comunidade, polo que nunha ocasión lle serviron un pan envelenado. San Bieito acostumaba a dar de comer na ventá da súa cela a un corvo nos seus longos xaxúns. Ese día o corvo lle arrebatou o trozo de pan envelenado para que el non o comese salvándolle así a vida.

Fervenza de Mexadoira

A Mexadoira é un salto natural de auga situado no Rego de Murias. O ollo da fervenza da Mexadoira atópase a unha altitude de 375 metros sobre o nivel do mar.



O seu desnivel ofrécenos unha marabillosa estampa natural de auga limpa.

O seu acceso é complicado polo que hai que extremar as precaucións e subir /baixar con coidado, pero realmente merece a pena.

Dende este punto ata a fervenza hai 300 metros de ascenso por o carón do rego.

Esta fervenza ten unha caída vertical de arredor dos 15 metros , e o seu caudal varia en función da época do ano na que se visite.

Esta fervenza tamén é visible desde A Azoreira, especialmente no inverno cando as árbores xa perderon a folla



DATOS

- COMEZO:** Pedregal de Irimia
- REMATE:** Paderne
- DISTANCIA LINEAL:** 17 km aprox.
- DURACIÓN APROXIMADA:** 5 horas
- DIFICULTADE:** Media-Alta
- DESNIVEL POSITIVO:** 750 m
- DESNIVEL NEGATIVO:** 1017 m
- ALTITUD MÁXIMA:** 889 m
- ALTITUD MÍNIMA:** 179 m



SERRA DE MEIRA. RUTA MIÑO-EO 14-12-2024

INFORMACIÓN:



618 617 799



www.carroucho.org



carroucho@carroucho.org



PRÓXIMO:
Reunión anual socios
18-12-2024

